



**LISTA DE ASISTENTES**

D. Domingo Docampo Amoedo  
D. Salustiano Mato de la Iglesia  
D. Pedro Merino Gómez  
D. Antón Fernández Álvarez  
D. Juan M. Suárez Creo  
D. José M<sup>a</sup> Da Rocha Álvarez  
D. Xosé Manuel Cid Fernández  
D<sup>a</sup> Margarita Estévez Toranzo  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Alonso Escontrela  
D. J. Angel Álvarez Moreira  
D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Ameal Guerra  
D. Enrique Barreiro Alonso  
D. Manuel Angel Candelas Colodrón  
D. Víctor Cardador González  
D. Juan Carlos Carpintero Sánchez  
D. José Cidrás Pidre  
D. Eusebio Corbacho Rosas  
D. Xosé Henrique Costas González  
D. Guillermo De Oca Cancela  
D. José Durany Castrillo  
D. Luis Espada Recarey  
D. Manuel Fernández Areal  
D. José Ramón Fernández Bernárdez  
D. Manuel Fernández Cruz  
D. Rubén Frieiro Barros  
D. Alberto Gago Rodríguez  
D. José Manuel García Vázquez  
D. Alejandro V. Gómez Soler  
D. Carlos F. González Salgueiro  
D. Francesco Saverio Gugliotti Bastos  
D. Manuel Gutiérrez Nieto  
D. Juan Janeiro Vilaboa  
D. Alfonso Luis López Otero  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar López Vidal  
D. Víctor M. Martínez Cacharrón  
D. Andrés Mazaira Castro  
D. Pedro Membiela Iglesia  
D. Carlos Mollinedo Lois  
D<sup>a</sup> Ascensión Muñoz del Barrio  
D. Xosé Luis Outes Ruso  
D. Luis Pérez Gómez  
D. Juan Pérez de Obanos Herrero  
D. José Pose Blanco  
D. Manuel J. Reigosa Roger  
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal  
D. Luis Rodríguez Ennes  
D. Carlos Román Lago  
D. Antonio Rotea Villanueva  
D. Eduardo Soto García  
D. Juan Carlos Surís Regueiro  
D. José Tojo Suárez  
D. Federico Vilas Martín  
D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)  
D. José Veiro García (CC.OO.)

**DESCULPA ASISTENCIA**

D<sup>a</sup> Elena Sánchez Trigo

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, do dezaseis de novembro de mil novecentos noventa e oito, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O luns, **día 16 de novembro de 1998**, ás 10.15 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, de Acta de sesión anterior (23-10-98).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Asuntos do Vicerrectorado de Profesorado: Cambio de área; Resolución das solicitudes de transformación dos profesores PP1.
- 4º.- Aprobación, se procede, da convocatoria de profesores visitantes de Investigación.
- 5º. Definición de bolseiros equivalentes ós de FPI ós efectos de constitución de Departamentos (artigo 81-b dos Estatutos).
- 6º.- Aprobación, se procede, do Regulamento de Títulos propios.
- 7º.- Aprobación se procede, de Normativa de cambio de quenda.
- 8º.- Aprobación, se procede, de Máster de Organización e Dirección Turística.
- 9º.- Especificación das áreas comprendidas dentro do ámbito de "Ciencias da Saúde".
- 10º.- Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Biblioteca.
- 11º.- Proposta de transformación das Escolas Universitarias de Empresariais e de Informática de Xestión do Campus de Ourense nos Centros: "Facultade de Ciencias Empresariais" e "Escola Superior de Enxeñería Informática"\*\*.
- 12º.- Adscripción da titulación de "Xestión e Administración Pública" á Facultade de Ciencias Sociais do Campus de Pontevedra.
- 13º.- Acordos sobre o Regulamento de "Cursos de Especialización e Convenios".
- 14º.- Nomeamento dos membros da Comisión de "Cursos de Especialización e Convenios".
- 15º.- Substituição de membro na Comisión de Doutoramento.

16º.- Aprobación, se procede dos seguintes convenios: marco de colaboración co Instituto Superior de Arte de la Habana, de colaboración coa Universidade de Holguin "Oscar Lucero Moya", de cooperación Científica Cultural co Instituto Superior Pedagógico "Frank País García", de colaboración coa Universidade de Oriente, de colaboración co Instituto Superior Minero Metalúrgico de Moa e de Colaboración Bilateral co Centro Universitario de las Tunas de Cuba.

- 17º.- Elección de dous estudiantes para asistir ó "Foro Estatal de Estudiantes organizado por el Consejo de Alumnos de la Universidad de Alicante".
- 18º.- Elección de un estudiante para o xurado das bolsas do MEC.
- 19º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo e actúa coma Secretaria, a Xeral da Universidade, Dª Margarita Estévez Toranzo.

No **punto 1**, apróbase por asentimento, a acta da sesión do 23 de outubro de 1998, coas correccións que se recollen na redacción definitiva.

No **punto 2**, O Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo presenta á Xunta de Goberno a relación de postos ocupados por profesores que colaborarán co equipo rectoral:

- Director da Oficina de I+D, do CACTI, da ORI, do Servicio de Publicacións e da Oficina de Medio-Ambiente (esta última de nova creación).
- Tres adxuntos no Vicerrectorado de Extensión Universitaria (1 por Campus) con competencias en materia de residencias, deportes, cultura, etc., en cada Campus.
- Un adxunto para Tecnoloxías da Información (dependente do Vicerrectorado de Planificación).

Os efectos económicos e administrativos destes cargos serán os mesmos que existían ata agora.

Informa tamén de que Departamentos elaboraron o seu Regulamento de funcionamento (27 Departamentos teñen o Regulamento disposto para enviar ó Claustro, 7 están pendentes de observacións de tipo xurídico e 6 aínda non o elaboraron).

Tamén indica que a COAV vai elaborar un informe sobre os Departamentos que non cumplen os requisitos de constitución (nº de membros) de acordo coa normativa vixente e fará unha proposta ó respecto.

No **punto 3**, Asuntos do Vicerrectorado de Profesorado, apróbase en primeiro lugar e por asentimento o cambio de área do profesor Ruíz de Samaniego García, que pasa da área 690 "Pintura" á área 270 "Estética e Teoría das Artes".

O tema das resolucións das solicitudes de transformación dos profesores PP1 é presentado polo Vicerrector de Organización Académica, D. Antón Fernández Álvarez; a situación resúmese no cadro que figura como anexo I, e indica que a proposta é aceptar as indicacións dos Departamentos, manifestando que os profesores Arias Freixedo e López Ardao deben manterse en situación de PP1 xa que depositaron a súa tese antes do 30 de setembro de 1998.

Neste punto interveñen os profesores Corbacho Rosas, Rodríguez Berrocal, Tojo Suárez, Durany Castrillo, Reigosa Roger, Espada Recarey, Mazaira Castro, García Vázquez e o Sr. Álvarez Moreira.

O profesor Outes Russo pide que conste en acta a súa desconformidade coa exención de docencia (acordada na anterior Xunta de Goberno) dentro do plan de traballo conducente a finalizar la tese de doutoramento dos profesores PP1.

Despois do debate, o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo fai a seguinte proposta:

-A transformación do contrato de PP1 a T2-TC (6 h.), dos profesores: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Fernández Arias, D. Javier Pérez Guerra, D. Manuel González Fernández, D. Santiago Gómez Fraiz, D. Antón Fernández Roxo, D<sup>a</sup> Begoña Campos Nuño de la Rosa e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Victoria Abreu Sernández.

-Naqueles casos que solicitaran exención de docencia, enténdese "ata un máximo da metade da carga docente anual".

-Manter na situación de PP1 ós profesores López Ardao e Arias Freixedo, condicionados á consecución do seu grao de Doutor.

Apróbase por asentimento.

No **punto 4**, o Vicerrector de Investigación, D. Salustiano Mato de la Iglesia, presenta o documento elaborado pola Comisión de Investigación, anexo II, e indica que sobre este texto a Comisión de Docencia fixo as seguintes observacións:

-na propia denominación da convocatoria non debe figura-la palabra "profesores";

-no punto 1 ten que engadirse "ou outros Centros de Investigación";

-no punto 5, -no primeiro parágrafo: a duración máxima do contrato ten que ser de 12 meses;

-o segundo parágrafo ten que cambiarse por "poderán colaborar na docencia de terceiro ciclo";

-o terceiro parágrafo terá que ser "as retribucións económicas axustaranse á normativa prevista de profesores visitantes";

-no punto 6, explica que a produción científica está baseada en apartados que sexan os mellores indicadores da excelencia e di que na última liña ten que dicir "curriculum do investigador proposto para a praza".

Prodúcese un debate no que interveñen varios membros da Xunta de Goberno.

O profesor Barreiro Alonso di que o programa exposto non cumpre o obxectivo de apoiar ós grupos pequenos. Responde o Vicerrector de Investigación, D. Salustiano Mato de la Iglesia dicindo que esta primeira convocatoria está baseada na idea de premio e non de estímulo.

O profesor Tojo Suárez prefire a limitación de 6 meses, recorda que a Comisión de Investigación insistía en criterios de excelencia no referente á produción científica e opina que as visitas deben ser non consecutivas.

O profesor Corbacho Rossas pregunta de que partida sairán os 20 millóns desta convocatoria (respóndeselle que de Investigación) e di que non debe figura-la palabra "profesores" na convocatoria.

O profesor Espada Recarey defende que na convocatoria figure a palabra "profesores".

O profesor Gago Rodríguez defende criterios de flexibilidade e non ve necesaria a limitación de 6 meses.

Despois das intervención dos profesores Reigosa Roger, Rodríguez Berrocal, Membela Iglesia, Cidrás Pidre e Fernández Bernárdez, o Vicerrector de Investigación propón que se aprube o documento presentado coas correccións indicadas ó inicio do debate e engadindo, no punto 6, un apartado, f), que diga "exposicións artísticas relevantes".

Apróbase a proposta por asentimento, anexo III.

No **punto 5**, o Vicerrector de Investigación, D. Salustiano Mato de la Iglesia explica que é necesario precisar que se entende por "bolseiros equivalentes" ós de FPI, ós efectos de constituir os Consellos de Departamento. Fai a proposta de que sexan considerados equivalentes, e polo tanto tamén membros natos do Consello de Departamento, só os bolseiros FPU.

Xustifica a proposta nos seguintes termos:

-se ben un criterio para definir a equivalencia podería ser "dar docencia", non sería vixente a data de hoxe tendo en conta as bolsas que existen na actualidade. Tampouco é claro o criterio de considerar bolsas de formación na investigación.

-os Consellos de Departamento quedarían desvirtuados tendo en conta o amplio número de tipo de bolseiros que por algunha das dúas vías poderían ser membros natos.

O profesor Reigosa Roger di que tamén poderían ser consideradas equivalentes as bolsas convocadas pola Administración pública e adxudicadas en concurso público. Nese caso estarían as bolsas predoutorais e de 3º Ciclo da Xunta.

O profesor Rodríguez Berrocal indica que con ese criterio ampliaríase en exceso o número de bolsas equivalentes.

Neses mesmos termos tamén se manifesta o profesor Tojo Suárez.

O Sr. Janeiro Vilaboa propón que se amplíe a equivalencia a tódolos bolseiros que estean en POD.

Prodúcese unha votación entre a proposta do Vicerrector (proposta 1) e a proposta do Sr. Janeiro Vilaboa (proposta 2), que obtén o seguinte resultado:

-a favor da proposta 1...	22 votos
-a favor de proposta 2...	5 votos
-abstencións...	6

Apróbase que, ós efectos de constitución de Departamentos (artigo 81.b dos Estatutos), son considerados bolseiros equivalentes ós de FPI, os bolseiros FPU.

O **punto 6**, o Vicerrector de Organización Académica, D. Antón Fernández Álvarez explica a necesidade de reforma-lo actual Regulamento de Títulos propios: o antigo regulamento do ano

1990 non foi ben reformado na súa segunda versión, sendo necesario unifica-la forma de presentación de propostas, os prazos e o tipo de solicitudes.

O Sr. Vicerrector de Organización Académica detalla e xustifica os puntos do Regulamento que se reforman e propón que cando se publique se engada como anexo ó texto os artigos que se citan na introducción.

Os profesores Gago Rodríguez e García Vázquez opinan que o prazo de 6 meses que figura no artigo 15 (presentación de propostas) parece excesivo e propoñen un prazo de 5 meses ou ben, a data tope do 15 de maio.

O profesor Gutiérrez Nieto pide que no artigo 18 se modifique a redacción no sentido de "exceptúa-los títulos de experto ou especialista".

Os Sres. Martínez Cacharrón e Soto García opinan que os cursos de alto prezo non deben ser financiados só por taxas e que deberían ser estudiados os niveis de renda. Suxiren que no artigo 15-b se engada "así como as posibles exencions ou reduccions".

O Sr. Rotea Villanueva fai precisións na introducción e nos artigos 4, 15 e 25.

O profesor Gago Rodríguez propón que no próximo Claustro se aprobe a delegación na Xunta de Goberno para o caso de reedición de cursos.

Sométese a votación o texto recollendo as suxestións dos profesores Gago Rodríguez, Gutiérrez Nieto e dos Sr. Rotea Villanueva e Martínez Cacharrón, co seguinte resultado:

-a favor...	29 votos
-en contra...	0
-abstencións...	9

Apróbase o Regulamento de Títulos propios (anexo IV).

Neste **punto 7** o Vicerrector de Organización Académica, D. Antón Fernández Álvarez informa de que cando a COAV estudiou este tema, xurdiron dúbidas sobre a competencia da Xunta de Goberno para regulamentar un asunto como este. Di que un informe da Asesoría Xurídica indica que é competencia dos Centros a organización da docencia. A COAV propón que se pida información de tódolos Centros sobre as quendas de docencia e sobre os Regulamentos de cada Centro en materia de cambio de quenda.

O Sr. Janeiro Vilaboa opina que os Centros só teñen unha parcela da organización da docencia e que ten que haber unha normativa.

O profesor Tojo Suárez di que a coordinación da docencia a nivel global tamén é competencia da Xunta de Goberno.

O profesor Surís Regueiro indica que en Centros con fortes restriccións de espacio, unha normativa deste tipo podería provocar a non existencia de quendas.

O profesor Reigosa Roger apoia a proposta da COAV.

Sucédense as intervencións dos Sres. Gómez Soler, Álvarez Moreira e dos profesores

Rodríguez Berrocal, Surís Regueiro, Corbacho Rosas, Tojo Suárez, Fernández Álvarez e Cidrás Pidre.

O Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo defende a proposta da COAV resaltando que cómpre saber se este tema é un problema de tipo xeral ou non. Propón o 30 de novembro como data límite para os Centros envíen á COAV a información.

O Sr. Gómez Soler di que non acepta esa proposta e quere debate-lo texto que figura na documentación.

Pásase a debate-lo documento:

O profesor Durany Castrillo di que non está estudiada a posibilidade real de aplíca-la normativa.

O profesor González Salgueiro pide cautela e indica que no caso de alumnos matriculados en varios cursos, o cambio de quenda ten que referirse ó curso no que estean matriculados de máis materias. Tamén di que debe manterse o equilibrio entre grupos.

O Sr. Soto García di que esta normativa ten que ser debatida en cada Centro.

O profesor Barreiro Alonso apoia a proposta da COAV.

O profesor Reigosa Roger ve problemas de aplicación da normativa para o caso dos grupos de prácticas.

O Sr. Álvarez Moreira di que por este ano, os prazos que aparecen na normativa teñen que ser modificados.

Sométese o texto a votación cos cambios indicados polo profesor González Salgueiro e polo Sr. Álvarez Moreira, co seguinte resultado:

-a favor da normativa...	9 votos
-en contra da mesma...	18 votos
-abstencións...	13

Non se aproba a normativa para cambios de quenda.

No **punto 8**, a COAV informou favorablemente sobre a renovación deste Master na súa 3<sup>a</sup> edición.

Sométese a votación, co seguinte resultado:

-a favor...	13 votos
-en contra...	0
-abstencións...	12

Queda aprobado o Máster de Organización e Dirección Turística (anexo V), facultando ó Vicerrector de Organización Académica para o axuste á normativa aprobada no punto 6 (Regulamento de Títulos propios).

Neste **punto 9**, Especificación das áreas comprendidas dentro do ámbito de Ciencias da Saúde, intervén a petición propia, a profesora De Miguel Villegas, Directora do Departamento C01 "Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde". Di que este tema non está claro e que poden considerarse diferentes tipos de clasificacións de áreas no ámbito de Ciencias da Saúde. Pide que se retire o punto e que sexan consultadas tódalas áreas que poidan estar relacionadas.

Retírase o punto.

Presenta o **punto 10** o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo; a proposta de composición da Comisión de Biblioteca é a seguinte:

Rector ou persoa na que delegue  
 Director/a da Biblioteca  
 5 Profesores/as (garantindo ámbitos e campus)  
 4 Alumnos/as (garantindo campus e polo menos un de cada ciclo)  
 2 PAS

Apróbase por asentimento a nova composición da Comisión de Biblioteca.

No **punto 11**, o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo indica que os novos centros superiores en que quedarían transformadas as dúas Escolas Universitarias acollerán as novas titulacións de 2º Ciclo concedidas para o Campus de Ourense.

Esta transformación será levada proximamente ó Claustro, ó Consello Social e ó Consello Universitario de Galicia.

Apróbase por asentimento, a transformación das Escolas Universitarias de Empresariais e de Informática de Xestión do Campus de Ourense nos Centros: "Facultade de Ciencias Empresariais" e "Escola Superior de Enxeñería Informática".

No **punto 12**, o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo informa que a Xunta de Facultade da Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra aprobou a adscricpción da diplomatura "Xestión e Administración Pública" á devandita Facultade.

Sométese este acordo a votación, que obtén o seguinte resultado:

-a favor...	27 votos
-en contra...	0
-abstención...	2

Apróbase a adscricpción da titulación de "Xestión e Administración Pública" á Facultade de Ciencias Sociais do Campus de Pontevedra.

No **punto 13**, tómanse por asentimento os seguintes acordos en relación ó Regulamento de Cursos de Especialización e Convenios:

- No artigo 14.a, os Vicerrectores das áreas relacionadas coa Comisión serán o de "Investigación" e o de "Desenvolvemento e Transferencia de Ciencia e Tecnoloxía".

-No artigo 15.g) e na Disposición final primeira, o Vicerrector que terá a competencia será

o de "Desenvolvemento e Transferencia de Ciencia e Tecnoloxía".

No **punto 14**, son nomeados membros da Comisión de "Cursos de Especialización e Convenios" os seguintes:

-Profesores: D. Fernando Vázquez Núñez (E.T.S. de Enx. Ind. Vigo), D. Antonio Vaamonde Liste (E.U. Est. Empr. Vigo), D. Tony Crespo Franco (Fac. CC. Ec. e Empr. Vigo), D. Gustavo Rodríguez Fuentes (E.U. de Fisiol. Pontev.) e D. Luis Alonso Bacigalupo (Fac. Hum. Vigo).

-PAS: D. Ramón Araujo Casado (Rectorado).

Queda pendente a designación do estudiante nesta Comisión.

No **punto 15**, despois da demisión da profesora Dª Mercedes Durany Castrillo como membro da Comisión de Doutoramento e de acordo co regulamento de 3º Ciclo, proponse a Dª Mercedes Suárez Pazos, da Facultade de Humanidades de Ourense, como novo membro desta Comisión.

Apróbase por asentimento.

No **punto 16**, apróbase a sinatura dos seguintes convenios (anexo VI):

- marco de colaboración co Instituto Superior de Arte de la Habana,
- de colaboración coa Universidade de Holguin "Oscar Lucero Moya",
- de cooperación Científica Cultural co Instituto Superior Pedagógico "Frank País García",
- de colaboración coa Universidade de Oriente,
- de colaboración co Instituto Superior Minero Metalúrgico de Moa,
- de colaboración bilateral co Centro Universitario de las Tunas de Cuba.

No **punto 17**, hai un acordo entre os estudiantes para que D. José Ángel Álvarez Moreira (Facultade de CC. Econ. e Empresariais) e D. Víctor Manuel Martínez Cacharrón (E.T.S. de Enxeñeiros Industriais), asistan ó "Foro Estatal de Estudiantes organizado por el Consejo de Alumnos de la Universidad de Alicante".

No **punto 18**, hai un acordo entre os estudiantes para que D. Alfonso López Otero, da E.U. de Formación do Profesorado de EXB de Ourense, forme parte do xurado das bolsas MEC.

No **punto 19**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

**-D. VÍCTOR MANUEL MARTÍNEZ CACHARRÓN.**- Pregunta pola aplicación da disposición adicional primeira do decreto 614/97 de reforma de planos de estudio e roga que se solucionen os problemas existentes coa validación de certos cursos complementarios por créditos de libre elección (*o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo responde que a Comisión Académica do Claustro ten que dar directrices ó respecto; en relación co rogo, di que unha resolución rectoral recordará acordos anteriores sobre o tema de validación de cursos complementarios*).

**-D. ALFONSO LÓPEZ OTERO.**- Pregunta pola ampliación da partida de subvencións para o transporte nos Campus de Ourense e Pontevedra.

**-D. FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BERROCAL.**-

- 1) Roga que se axilicen os trámites para dar de baixa material obsoleto.
- 2) Pregunta que postos de adxuntos a Vicerrectores atópanse xa ocupados.

**-D. JOSÉ TOJO SUÁREZ.**- Pregunta polo convenio asinado entre os tres rectores a Xunta sobre bolsas de 3º Ciclo.

**-D. EUSEBIO CORBACHO ROSAS.-**

- 1) Pregunta se seguen a ser válidos os criterios de concesión de prazas consolidables para o segundo cuatrimestre e roga que se a Comisión do Docencia modifica os criterios, sexan enviados ós Departamentos.
- 2) Pregunta que folgura terán as áreas "maltratadas" no tema de prazas non consolidables.
- 3) Pregunta se os presupostos de 1999 contemplan unha convocatoria de visitantes de investigación baseada na idea de "estímulo".

**-Dª Mª DEL PILAR LÓPEZ VIDAL.**- Roga que se remitan os PODs ós Centros.

**-D. CARLOS F. GONZÁLEZ SALGUEIRO.**- Pregunta polo sistema de seguridade integral no Campus de Ourense e roga que cando un administrativo abandone un posto por promoción, se avise con antelación de abondo.

**-D. LUIS ESPADA RECAREY.**- Roga que en anos sucesivos e para a concesión de bolsas de 3º Ciclo, se estudien factores de corrección entre os diferentes tipos de expedientes.

**-D. JUAN JANEIRO VILABOA.-**

- 1) Pregunta pola cafetería central do Campus de Ourense.
- 2) Roga que se estudie a posibilidade de realiza-la matrícula por cuatrimestres e de paga-la matrícula en fraccións mensuais.
- 3) Pregunta polos cambios de quenda e pola información que pedira sobre índice de aprobados.

**-D. ALEJANDRO V. GÓMEZ SOLER.-**

- 1) Felicita ó equipo rectoral pola decisión de enviar a algúna organización humanitaria o diñeiro antes destinado a postais de Nadal e roga que se faga o mesmo en anos sucesivos.
- 2) Roga que se retome o tema dos convenios con empresas para o tema do transporte en tódolos Campus, co fin de aumenta-lo número de liñas e de abarata-lo custo.
- 3) Pregunta a que se debe o atraso na chegada dos sobres de matrícula.
- 4) Pregunta se foi ampliado o prazo de matrícula nalgún Centro.
- 4) Roga que se estudie a posta en marcha de unidades de xestión centralizadas.
- 5) Pregunta polo servicio de inspección e pola tarxeta universitaria.

**-D. JOSÉ ÁNGEL ÁLVAREZ MOREIRA.-**

- 1) Pregunta se se vai solicitar unha corrección de errores ó BOE para que nalgúns planos de estudio sexan recoñecidos como créditos de libre elección non só os realizados no marco de convenios internacionais.
- 2) Pregunta polos tribunais "reais" de 5ª, 6ª e 7ª convocatoria.
- 3) Pregunta polos cambios de quenda e polo equipo técnico que ficha os xogadores de baloncesto.
- 4) Traslada unha pregunta de Pérez de Obanos sobre a legalidade da solicitude automática da 7ª convocatoria no momento da matrícula.

**-D. FRANCESCO SAVERIO GUGLIOTTA BASTOS.**- Roga que no sucesivo se elimine do cuestionario de matrícula a pregunta sobre preferencia de quenda.

**-D. VÍCTOR CARDADOR GONZÁLEZ.**- Roga que se axilicen os trámites para a posta en

marcha da radio universitaria e pide que poñan máquinas expendedoras de compresas e tampax nos baños femininos nos Centros.

**-D. JOSÉ POSE BLANCO.-**

- 1) Pregunta pola tramitación do expediente do Pavillón estudiantil, sobre a 2<sup>a</sup> fase de E.T.S. de Enx. de Telecomunicacións, o edificio para a titulación de Minas e a ampliación da Facultade de Ciencias.
- 2) Pregunta pola auditoría integral da Universidade.

**-D. JUAN CARLOS SURÍS REGUEIRO.-**

- 1) Roga que se recoñeza algún tipo de carga docente por avaliación e titoría ós profesores dos Centros con planos de estudio en extinción.
- 2) Roga que o programa informático poida calcula-la media do expediente considerando o número de convocatorias.

**-D. XOSÉ HENRIQUE COSTAS GONZÁLEZ.-** Roga que se envíe ós profesores unha nota recordando o dereito dos alumnos a se expresar en galego.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 18.45 h. do día 16 de novembro de 1998 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo